

C

Compostela
Cultura
Artes visuais

SOBRE
DEBUXAR,
FIARE E
HABITAR

Nerea Cordeiro

10.DEC.2024 | 09.FEB.2025

Zona C · Punto de Información Cultural



CONCELLO DE
SANTIAGO



CONSORCIO DE
SANTIAGO

'Sobre debuxar, fiar e habitar' da artista Nerea Cordeiro (Bueu, Pontevedra, 1999) foi seleccionada nos proxectos de intervención artística para a Zona C. Nesta acción, Nerea continúa a desenvolver o traballo realizado nos seus dous últimos proxectos: "Cidades tea de araña" (2022-2023) e "Figuras de cordas" (2023-). En ambos mestúranse e preséntanse diferentes tipos de linguaxes e disciplinas artísticas: dende as más tradicionais como poderían ser o debuxo con tinta china sobre papel ou o gravado, neste caso realizado en film de fotopolímero, a aquelas que poñen en xogo e activan o espazo expositivo, coma intervención espacial ou a instalación. Por outra parte, tratáse dunha proposta pensada en termos de proceso, que rexeita categorías ou etiquetas como podería ser "obra final." Por esta razón, adica un oco especial para amosar documentación de arquivo recadada durante os tempos de creación.


A partir dunha linguaxe propia e característica, a artista investiga como a liña, trazada no papel, pasa a ocupar o espazo coa incorporación do fío que o cruza, procurando a converxencia entre o debuxo, a escultura e a arquitectura. Unha praxe que tamén desenvolve na tese de doutoramento que está a realizar, na que indaga sobre a interconexión que pode darse entre o lugar e a arte. Mostra un interese particular en explorar todas as posibilidades do espazo, entendido como o lugar físico no que nos desenvolvemos como individus e individuos. Tecer e morar son os dous infinitivos que enche de significado procurando dar resposta a estas inquedanzas; que, por outra parte, se repiten en todos os seus traballos. Tece unha disposición de arañeira que xera unha linguaxe visual e textual e mora no taller e no espazo expositivo. No primeiro e segundo andar da Zona C amosa o seu interese por unir a memoria mediante a estrutura en rede e o lugar de traballo e creación.

Existe todo un traballo previo por coñecer a fondo os aspectos e trazos propios do espazo construtivo que supón a Zona C. Este sitúase ao mesmo nivel de protagonismo que as obras que contén no seu interior. Iníciase un diálogo que discorre paralelo entre a obra plástica e obra arquitectónica, evidenciando as partes más destacables de cada unha delas e ofrecendo un resultado final conxunto. En primeiro lugar, elabórase unha distinción entre as paredes de muro branco e aquellas que pola contra se compoñen de listóns de madeira. As primeiras resérvanse para aquellas obras que poden funcionar de xeito máis independente; en cambio, a madeira, chea de ocos e aberturas, é incorporada á proposta dos fíos para converterse nun trazo máis cargado de expresividade. Por outra banda, escaleiras e corredores son igualmente susceptibles da intervención plástica, establecendo unha coidadosa continuidade entre as diferentes salas. E finalmente, coma un agasallo ao propio lugar, realiza un debuxo exclusivamente con fíos no que se amosa unha imaxe do edificio que tan só só pode ser contemplado durante o tempo que dure a exposición. Unha vez que esta finalice, desaparecerá xunto con todo o demais, evidenciando o importante carácter efiémero de todos os elementos presentes que ficará unicamente recollido na documentación feita.


No ecuador do que dure a mostra, levarase a cabo a recreación dun site-specific que a artista realizou previamente en 2022 no Centro Cultural Matadero de Madrid. Un libro colocado na entrada do espazo dende o inicio da exposición (como os empregados en festas de aniversario ou eventos similares) interpelará o espectador cunha pregunta: "Hai algo que che preocupe?" Na xornada que se elixa, activarase esta peza por medio dunha performance na que as anotacións serán escaneadas e impresas en papel vexetal, respectando o lugar onde o autor ou autora decidira intervir. Coa escrita nas páxinas do libro, debuxos, fío e alfinetes, a creadora xerará un mapa subxectivo das inquedanzas das persoas que visiten a intervención. Unha obra sen fin, xa que as preocupacións de hoxe non son necesariamente as que poidamos ter maña, un fío que non chega a cortarse. A persoa visitante constrúe a obra cos seus escritos e a artista realiza o fío conductor.

Primeira planta

0 1 2 3



Segunda planta



PRIMEIRA PLANTA

Sala A

1 - 2: *Ciudades telaraña*, gofrados sobre papel
3: Figuras de cordas, debuxo sobre madeira e intervención sobre parede con fíos

Sala B

1 - 2: Figuras de cordas, debuxo sobre papel xaponés e fío sobre cartón pluma
3: Figuras de cordas, debuxo sobre papel e intervención sobre parede con fíos

SEGUNDA PLANTA

Sala C

1: Figuras de cordas, detalle de obra
2: Figuras de cordas, debuxo sobre tea e intervención sobre parede con fíos

Corredor

1: Debuxo con fíos do edificio feito *ad hoc* para a instalación

Sala D

1 - 3: *Ciudades telaraña*, debuxo sobre papel
4: Procesos
5 - 8: *Ciudades telaraña*, gravado sobre papel

NEREA CORDEIRO CERVIÑO

Bueu, Pontevedra, 1999

Exposicións individuais

2024

Sobre debuxar, fiar e habitar, Sala Maruja Mallo, Sede da Deputación de Pontevedra, Vigo**Exposicións colectivas**

2023

Poesía, luz, dibujo, Antiguo Hospital de Santa María la Rica, Alcalá de Henares*Décimo terceiro premio Auditorio de Galicia para artistas noveis 2023*, Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela*El dibujo del saber, Diagrama e investigación*, organiza la Ud. Divulgación, Cultura Científica e Edición Digital (CCHS-CSIC), Pasillo central, Sede CCHS, Madrid*I Certame de Pintura para novos artistas Otero Baena*, Sala Amalia Domínguez Búa, Bueu, Pontevedra*Cotidianidad*, organizado polo grupo LanzARTE, Centro Socio Cultural Montecarmelo, Madrid
Puerta abierta, espazo de artes Ra del Rey, Madrid

2022

Circuitos vivaces, Facultad de Bellas Artes, Madrid*Unha fiestra aberta*, organizado pola asociación artística Refugallo, Auditorio Municipal de Cangas do Morrazo, Pontevedra*Novos valores 2022*, Museo de Pontevedra, Pontevedra*XXIV Bienal Internacional de Arte do Morrazo*, Auditorio Municipal de Cangas do Morrazo, Pontevedra*El paisaje*, Sala de Arte Colectiva LaSalita, Xixón*Dentro, derecha, izquierda, puerta, pasillo al fondo*, Centro Cultural Matadero, Madrid*Confluir: ecosistemas acuáticos y futuros especulativos*, organizado por The Algae Society e o grupo de investigación Arte, Tecnología y Compromiso Social en colaboración con Cameron Art Museum, Facultad de Bellas Artes, Madrid

2021

III Concurso de Creación Artística Contemporánea Universidad de Loyola: artistas emergentes, Fundación Valentín de Madariaga, Sevilla**Premios e recoñecementos**

2023

Seleccionada *XXVII Propuestas de Ayuda a la Creación Visual*, concedido por VEGAP, Madrid

Terceiro premio Xuventude Crea 2023, especialidade de Artes Plásticas, Xunta de Galicia

Seleccionada *XIII Encontro de Novos Artistas*, Cidade da Cultura, Santiago de CompostelaTerceiro premio do *XVII Certame de Artes Plásticas* da Deputación de Ourense para novos creadoresArtista gañadora do *VII Premio ArteLateral Complutense*, Madrid

2022

Primeiro premio Premios de Arte Edición Extraordinaria del Consejo Social, categoría Premio Fotografía, Dibujo o Grabado, Universidad Complutense de Madrid

Terceiro Premio Xuventude Crea 2022, especialidade de Artes Plásticas, Xunta de Galicia

Premio Galicia: Pedras de Santiago, XIII Premio Atlante, Fundación Museo das Artes do Gravado Dixital, A Coruña

2020

Primeiro premio IX Certame de Arte, Asociación ADICAM, Pontevedra
Accións e proxectos

2021

Co-comisaria de Espazos cóncavos e convexos, Espacio Matrioska, Pontevedra

2020

Colaboradora Mulleres [Rur]Urbanas, 7H, Proxecto Cooperativa Cultural no marco do Proxecto Inside Out, Pontevedra



**Compostela
Cultura
Artes visuais**

Zona C · Punto de Información Cultural

Preguntoiro, nº 1 (Praza de Cervantes)

De martes a sábado:

11.00 - 14.00 | 16.00 - 19.00 h

ACCESO LIBRE E DE BALDE



compostelacultura.gal



CompostelaCultura




CCultura



[@compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)



CompostelaCulturaTV



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



**CONSORCIO DE
SANTIAGO**